

UGT CHAMA Á CIDADANÍA GALEGA A SAÍR ÁS RÚAS ESTE PRIMEIRO DE MAIO BAIXO O LEMA “SUBIR SALARIOS, BAIXAR PREZOS E REPARTIR BENEFICIOS”

Redacción.- UGT-Galicia chama á cidadanía a mobilizarse nas rúas das cidades e vilas galegas este Primeiro de Maio para demandar que se suban os salarios, que se baixen os prezos e que se repartan os beneficios.

Será xa o segundo Primeiro de Maio que se celebre nun contexto de guerra ás portas de Europa, polo que UGT quere manifestar a súa solidariedade internacional e compromiso coa paz. Unha situación que está a lastrear tamén a evolución da economía.

Precisamente, no eido económico, esta

data debe servir para alzar a voz sobre unha situación que está a lastrear as economías familiares, a crise da inflación, propiciada polos efectos exteriores pero tamén polo exceso de beneficios empresariais. Neste contexto hai que situar ás persoas no centro das políticas públicas, se ben é certo que hai que poñer en valor a resposta pública neste senso, hai que seguir incidindo e reforzar e avaliar medidas.

Neste Primeiro de Maio UGT pon en valor os acordos co Goberno en materia de pensións, SMI ou prestacións por desemprego e incide na necesidade de desenvolver e fortalecer a negociación colectiva e o AENC.

O contrario, nunha conxuntura inflacionista como o actual, vai supoñer saír ás rúas porque ou “Salario ou conflito”. O emprego, en calidade e cantidade, segue a ser un dos principais obxectivos do Sindicato, aínda que a reforma laboral contribuíu, e moito, á mellora do emprego neste país, aínda hai case 3 millóns de parados aos que lles hai que dar unha saída. Tamén en materia de emprego, UGT insta ao Goberno a que cumpra a Carta Social Europea e avance cara un coste do despedimento suficientemente disuasorio, xusto e adaptado ás circunstancias sociais, vitais e de reempregabilidade das persoas vítimas de decisións inxustas.



1º DE MAIO
2023



Subir salarios
baixar prezos
repartir beneficios

LOCALIDADE	HORA	SAÍDA
A CORUÑA	12:00	PLAZA DE A PALLOZA
SANTIAGO	12:00	A ALAMEDA
FERROL	12:00	PLAZA DO INFERNIÑO
LUGO	12:30	RONDA DA MURALLA (DIANTE DE SINDICATOS)
OURENSE	12:00	PAVILLÓN DOS REMEDIOS
PONTEVEDRA	12:00	PLAZA DA FERREIRÍA
VIGO	11:30	CRUCE DE URZÁIZ CON VÍA NORTE
VILAGARCÍA	12:30	PLAZA DE RAVELLA

ARRANCAN AS MOBILIZACIÓNS DOS FUNCIONARIOS DE XUSTIZA POLA PARALIZACIÓN DA LOEO E RETRIBUCIÓNS XUSTAS

Redacción.- Os traballadores e traballadoras da Xustiza en toda España, dos corpos xerais e especiais, arrancaron este luns, día 17, co calendario de mobilizacións previsto para esixir unha subida salarial xusta en liña coa aprobada para os letrados e a paralización da LOEO que impón novas condicións laborais sen previa negociación.

O día 17 UGT, xunto con CCOO, CSIF e STAJ, convocaron unha primeira xornada de folga con paros parciais de 10 a 13 horas, que se repetiron a diario. Ás 11.00 horas, o luns, tiveron lugar concentracións diante das sedes xudiciais na Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Xa o día 19 celebrouse unha manifestación en Madrid.

A convocatoria destas mobilizacións prodúcese tras constatar a nula vontade do Ministerio de Xustiza de presentar unha oferta de subida salarial aos 45.000 funcionarios en recoñecemento das funcións que realizan a diario nos xulgados. Hai que lembrar que o propio Ministerio recoñeceu que calquera modificación a alza das retribucións dun corpo, como sucedeu no caso



A Coruña



Ourense



POLA PARALIZACIÓN DA LEI ORGÁNICA DE EFICIENCIA ORGANIZATIVA



Santiago de Compostela

FUNCIONES CLARAS! RETRIBUCIONES JUSTAS



dos letrados, ten repercusións no resto das carreiras, corpos, categorías... Deste xeito,

debe producirse unha subida nas contías que recibe o resto do persoal.

Á ESPERA DE SER RATIFICADO EN ASEMBLEA, ÁBRESE UN NOVO CALENDARIO DE MOBILIZACIÓNS NO SECTOR DO TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA

Redacción.- Os días 24 e 25 UGT, CCOO e CIG teñen convocadas asembleas de traballadores e traballadoras do sector do transporte de viaxeiros por estrada, uns 5.000 en toda Galicia, para analizar un posible calendario de mobilizacións ante a falta de resposta, polo momento, da patronal, ás demandas do sector. As asembleas terán lugar na Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Xa o propio día 25 está convocada unha manifestación en Santiago que sairá ás 11.00 horas da Estación de autobuses. Á que están chamados os traballadores e traballadoras de toda Galicia.

Outras das previsións que se manexan, e que serán sometidas ás asembleas, son dúas xornadas de folga, os días 27 e 28, e, se a patronal continúa sen dar resposta, a partir do 8 de maio a folga xa sería de carácter indefinido.

Lembrar que xa tivo lugar unha xornada de folga en toda Galicia, cun respaldo maioritario por parte dos traballadores e traballadoras, paralizando practicamente ao cen por cento o servizo.E, todo isto, a pesar dos servizos mínimos abusivos impostos pola Xunta.

Se ben é certo que o sector está amparado por convenios colectivos provinciais, as demandas e os problemas son comúns nas catro provincias. En Pontevedra e Coruña, cos convenios caducados, as ofertas das respectivas patronais non superan o ridículo 0,8% de incremento. E en Lugo, cun convenio no que non se actualizan as táboas dende 2017, e en Ourense nin sequera se sentan a negociar.

TRANSPORTE DE VIAXEIROS/AS EN LOITA

POR UN CONVENIO DIGNO E CONTRA O ABANDONO DO SECTOR

MANIFESTACIÓN

MARTES 25 ÁS 11H
ESTACIÓN DE BUSES DE SANTIAGO

ASEMBLEAS

A CORUÑA 24 ÁS 22:30H NA ESTACIÓN DE BUSES
SANTIAGO 24 ÁS 22:30 EN AMIO
VIGO 24 ÁS 20H NO LOCAL DE UGT
PONTEVEDRA 24 ÁS 20H NA ESTACIÓN DE BUSES
LUGO 25 ÁS 22:30H SALÓN DE ACTOS DO EDIFICIO SINDICAL
OURENSE 25 ÁS 19:30H NA ESTACIÓN DE BUSES
FERROL 25 ÁS 22:30H NA ESTACIÓN DE BUSES



UGT DENUNCIA QUE SERVISAR PRESENTA UNHA MODIFICACIÓN INACEPTABLE DAS CONDICIÓNIS DE TRABALLO NO CONCELLO DE SANTIAGO

Redacción.- UGT Servizos Públicos Galicia denuncia a modificación inaceptable de condicións de traballo que pretende impoñer Servisar ás traballadoras e traballadores do servizo de axuda no fogar do Concello de Santiago.

Pretenden reducir o 25% da xornada das traballadoras a tempo parcial, o cal vai supoñer unha merma salarial e das condicións laborais; crear quenda partida para as que teñen xornada continuada e pasar os contratos de todo o persoal a contratos

de luns a domingo.

Chama a atención que na memoria explicativa entregada pola empresa insisten en diferentes apartados na inflexibilidade mostrada polo Concello, así como as propias persoas usuarias á hora de modificar horarios de prestación dos servizos, o cal, de non ser así, evitaría que se tiveran que adoptar estas medidas.

Unha vez mais, a empresa Servisar achaca ao Concello a mala organización do servizo tendo que asumir

as traballadoras as consecuencias.

Non hai que esquecer que Servisar a día de hoxe segue sen cumprir o Convenio Colectivo, tendo unha débeda do 3,4% desde xaneiro do 2022. UGT-Servizos Públicos promove e apoia o proceso mobilizador que xunto co comité de empresa se presentará á Asemblea de traballadoras para revertir este dislate laboral e a precarización dun servizo esencial para as persoas dependentes no Concello de Santiago que non merecen isto.

UGT RECLAMA POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO SOCIAL PARA AS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS E MUNICIPAIS

Redacción.- O Consello Confederal do sindicato impulsa a "Guía de propostas ante as eleccións autonómicas e municipais do 28 de maio de 2023", na que reclama unha resposta socialmente xusta á situación actual, desde o diálogo social, centrada en promover unha mellora e extensión da protección á cidadanía, uns servizos públicos de calidade e unha vida digna e plena para todas as persoas traballadoras

Unha guía na que UGT propón a dignificación dos salarios, centrados nun SMI como eixo principal das políticas sociais das administracións públicas, e o impulso da calidade de vida das persoas máis vulnerables, que perciben rendas equivalentes ao SMI, con medidas como a gratuidade dos servizos públicos prestados por comunidades autónomas e corporacións locais. Desta forma, o sindicato propón garantir unha renda mínima mensual a todas as persoas maiores de 18 anos que carezan dos recursos suficientes para poder levar unha vida digna e plena, cunha contía igual á do SMI. Ademais, demanda a necesidade de proporcionar, xestionar e planificar unhas prestacións e servizos públicos que teñan como referencia o SMI, con medidas como o abono transporte gratuito para as persoas que cobren igual ou inferior ao salario mínimo ou un bono de alugueiro do 30% do SMI para estas mesmas persoas.

En relación ao emprego, UGT re-



clama, entre outras cuestións, desenvolver a Lei de Emprego, reforzando a axuda ás persoas desempregadas; mellorar a orientación ás persoas desempregadas, co fin de lograr unha maior e mellor empregabilidade; atender a persoas vulnerables con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo, como os mozos, as mulleres, persoas LGTBI ou con discapacidade; maiores servizos de formación e cualificación para o emprego; impulsar a xornada laboral de 32 horas semanais; e promover o acordo de estratexias en materia de saúde laboral nas comunidades autónomas, en liña coa recentemente asinada Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027.

Ademais, o sindicato propón medi-

das en materias como vivenda, coa creación dun parque significativo de vivendas sociais en alugueiro ou axudas directas a mozas e familias con menos recursos; sanidade, cun modelo de financiamento que garanta a suficiencia de recursos e unha atención primaria de calidade, universal e accesible para toda a poboación; igualdade, coa determinación dunha partida orzamentaria para desenvolver os regulamentos de plans de igualdade e rexistro retributivo nas empresas; medio ambiente, con axudas para a transición ecolóxica xusta e ferramentas que optimicen os recursos naturais; ou fiscalidade, promovendo un sistema fiscal xusto que permita combater as desigualdades e que bonifique a creación de emprego estable e de calidade.

FEITOS E MITOS SOBRE A REFORMA LABORAL

Redacción.- Desde o Servizo de Estudos de UGT elaborouse un informe onde se repasan e contrastan de maneira concisa as principais ideas e mantras que se estenderon nos últimos meses ao redor da efectividade da reforma laboral, centradas na súa maioría en cuestionar a calidade da contratación indefinida e, de forma particular, en desprestixiar a modalidade de fixo discontinuo como figura de estabilidade laboral.

Contra todo prognóstico, pola situación de incerteza internacional, o ano 2022 acabou sendo favorable en materia de emprego. Tanto se se observa a súa vertente cuantitativa como cualitativa, as estatísticas apuntan a que a reforma laboral de 2021 conseguiu deseñar e implantar eficazmente un sistema de incentivos adecuado para que a creación de emprego estable e de calidade prospere, aínda a pesar do complicado contexto económico no que se desenvolveu.

A estas alturas, non hai dúbida de que a reforma laboral de 2021 foi todo un éxito, conseguindo reducir a temporalidade e aumentar a calidade dos contratos sen prexudicar a creación de emprego. Algo que non conseguira ningunha das anteriores reformas. Con todo, desde UGT denúnciase que día a día se verten numerosas críticas por parte dalgunhas institucións e analistas que

poñen en dúbida a súa efectividade, debuxando unha realidade que non se reflicte nos datos.

Ante iso, o Servizo de Estudos de UGT realizou un documento analizando e refutando os cinco mitos que máis se estenderon nestes meses:

A taxa de temporalidade non descende polos fixos discontinuos: está a caer polo incremento dos indefinidos de carácter permanente, que supoñen un 86% do aumento do emprego indefinido, mentres que só o 13,9% restante correspóndese ao fixo-discontinuo.

As baixas por non superar o período de proba non supoñen un problema alarmante: a súa porcentaxe respecto ao total de contratos indefinidos asinados entra dentro das cifras habituais e mesmo é inferior que o rexistrado en anos anteriores á pandemia.

O emprego a tempo completo non está a diminuír a raíz da reforma: nos 15 meses seguintes á súa implementación, o volume de empregados fixos a tempo completo creceu un 18%, 4 veces máis que nos 15 me-



ses anteriores ao estalido da pandemia.

A redución da duración media dos contratos non se traduce nunha maior inestabilidade do emprego: os contratos lixo de curta duración están a perder peso mes a mes, á vez que aumentan exponencialmente os contratos de maior calidade, os indefinidos a tempo completo.

Non está a se producir unha maior rotación do emprego: o número de despedimentos respecto ao total de contratos indefinidos asinados diminuíu respecto ao ano anterior, mentres que as persoas fixas con máis de 1 de antigüidade aumentaron no medio millón no último ano.

UN PRIMEIRO PASO CARA UN PARQUE PÚBLICO DE VIVENDAS SUFICIENTE E AO NIVEL DE EUROPA

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores valora a aprobación, en Consello de Ministros, do plan para mobilizar 50.000 vivendas da SAREB para alugueiro asequible, das cales, 35.000 xa están edificadas, mentres que os 15.000 restantes construíranse no chan dispoñible do denominado 'banco malo'.

Unha medida que satisface así a demanda que o sindicato leva reclamando desde hai anos e que debe supoñer un primeiro paso cara á consolidación dun parque público de vivendas suficiente e equiparable ao do resto de países europeos.

Con todo, UGT resalta que aínda hai marxe para absorber un maior número de vivendas en mans da SAREB, pois esta entidade, que conta con maioría de participación pública, presenta unha carteira de inmobles de ata 46.542 vivendas construídas, ademais de 24.619 unidades de chan dispoñible.

Ademais, a ministra de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Raquel Sánchez, anunciou recentemente o obxectivo de elevar o número de vivendas sociais ata un 20% do parque total nun prazo de 20 anos, o que significaría contar con 4,6 millóns de vivendas sociais máis que as que dispoñemos actualmente. Trátase dun obxectivo ambicioso e necesario, aínda que a emerxencia habitacional que arrasa ao noso país require acurtar os prazos. Neste sentido, UGT lembra que España conta con ata 3,2 millóns de vivendas baleiras, case un terzo das existentes no conxunto de Europa, polo que se deben articular mecanismos para mobilizar estas vivendas e incorporalas tamén ao parque público.



Dada a magnitude do desafío, UGT seguirá traballando activamente para promover unha política de vivenda no noso país que incremente substancialmente o número de vivendas sociais a prezos asequibles, co obxectivo final de dignificar as condicións de vida da clase traballadora e asegurar, á súa vez, o cumprimento dun dereito constitucional.